



RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS DAS BOLSAS DE TRABALLO DE PERSOAL INTERINO DOS CORPOS XERAIS DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA CONVOCADAS POLA RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA DO 28 DE XANEIRO DE 2022

En cumprimento do disposto no artigo 12 da Orde do 4 de outubro de 2018 sobre selección e nomeamento de persoal interino para cubrir postos de persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia, así como no artigo 8 da Resolución do 28 de xaneiro de 2022 pola que se convocan bolsas de traballo de persoal interino dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia, publicouse a Resolución pola que se aprobaba a listaxe resultante de persoas aspirantes admitidas e excluídas das bolsas de traballo de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial, así como a súa baremación definitiva, e se concedeu un prazo de dez días hábiles ás persoas aspirantes que resultaron incluídas en bolsas de distintos corpos, ou en varias provincias da mesma bolsa, para que seleccionaran aquela na que desexasen quedar coa advertencia de que de non facelo, entenderíase que desistían de todas as súas solicitudes.

Transcorrido o dito prazo, feitas as eleccións polos aspirantes e de acordo á normativa citada,

RESOLVO:

Aprobar a listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas das bolsas de traballo de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial, e acordar a súa publicación no sitio web da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e na intranet de Xustiza.

Estas listaxes entrarán en vigor o día seguinte ao desta publicación e substituirán ás listas vixentes, que quedarán anuladas nesa mesma data, sen que isto supoña ningún dereito para os integrantes destas.

Con todo, e de acordo coa disposición transitoria terceira da Orde do 4 de outubro de 2018, o persoal que no momento da entrada en vigor estea prestando servizos como persoal funcionario interino seguirá desempeñando o posto de traballo ata que proceda o seu cesamento.

Aquelas persoas interesadas en quedar en situación de suspensión de chamamentos conforme o establecido no artigo 16 da Orde disporán de cinco días hábiles tras a publicación das listaxes definitivas para cursar a dita solicitude.





Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición ante o Director xeral de Xustiza no prazo dun mes, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano xudicial competente no prazo de dous meses, de conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ambos os prazos contados a partir da data de publicación da presente resolución

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

O director xeral de Xustiza

José Tronchoni Albert

